



# A CIENCIA EN GALEGO 2015

## **A elaboración de pasta de papel**

Duración: 1 hora

Dirixido a: alumnado de infantil (4-5 anos)

Un obradoiro creativo no que con papel de textura dura e auga temos a base para facermos a pasta de papel. O resto dos ingredientes conseguirán un masa que ofrece moitas posibilidades utilitarias, pois con ela se poden realizar obxectos diversos e duradeiros. Na aula, deixaremos preparado un lapiseiro.

Incídese no uso responsábel da auga e na reutilización e redución do papel.

## **A elaboración de plastilina**

Duración: 1 hora

Dirixido a: alumnado de infantil (4-5 anos)

Con produtos de uso cotián (auga, fariña, aceite, colorantes alimentarios) elaborarán un produto natural, semellante a plastilina, co que moldearán o que desexen, que logo poderán levar para casa.

Trabállase a concentración, a paciencia e a creatividade a través da obra que elaboren.

Desde a perspectiva lingüística os produtos utilizados permitirannos traballar co léxico (froitais, cereais, árbores...).

## **A elaboración de papel reciclado**

Duración: 1 hora

Dirixido a: alumnado de infantil (4-5 anos)

A través da reutilización de papel usado, o alumnado participará na elaboración dun papel diferente e atractivo; asemade, isto nos axudará a reflexionar sobre o abuso das cortas das árbores e a proliferación de monocultivos.

## **“Coñecendo as nosas costas. Os ecosistemas, os seres e o mar”**

Duración: 1 hora

Dirixido a: alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º de Primaria

A xeografía costeira e os seus variados accidentes, os ciclos vitais de moluscos, crustáceos e equinodermos, os ecosistemas costeiros e a interdependencia dos seres ou os pequenos experimentos co alumnado, fan parte deste obradoiro que afonda no coñecemento da costa.

O variado e abondoso léxico do relevo costeiro e dos seres da zona intermareal completan un obradoiro moi atractivo.

## **Elaboración de sacos aromáticos**

Duración: 1 hora

Dirixido a: alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de primaria

Nun obradoiro dinámico, a través da exposición de plantas aromáticas falaremos co alumnado das súas diferenzas, nomes, arrecendos, usos tradicionais, terreos nos que medran, simboloxía, tradición oral, toponimia, variantes...; mais será o alumnado quen, ademais de realizar os sacos de olor con diferentes herbas, as distinga..



### **A elaboración de crema dentífrica**

Duración: 1 hora

Dirixido a: alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de primaria

A crema de dentes permite ao alumnado, ademais de elaborar este produto e comprender os trazos máis relevantes dos ingredientes, traballar o léxico bucal e o léxico pertencente ao chan.

O alumnado achegarase, tamén, á historia da pasta dentífrica e levará para casa unha pequena mostra.

### **Elaboración sales de baño**

Duración: 1 hora

Dirixido a: alumnado de 4º, 5º, 6º de Primaria

O romeu, a herba cidreira, a lavanda, o cravo, a canela, o sal ou o relo de limón introdúcennos no campo dos aromas e métodos beneficiosos para o coidado da pel e o acougo do corpo. O obradoiro de sales de baño permítenos, ademais da súa elaboración, a fixación do léxico das especias e das herbas aromáticas.

### **A elaboración de xabón. O xabón de caléndula**

Duración: 1 hora

Dirixido a: 1º, 2º, 3º, 4º da ESO, FP

Elaboraremos o noso propio xabón na aula. Será o xabón de caléndula. Para isto, trataremos, devagar, os extractos oleosos, fórmulas, ingredientes básicos, as súas proporcións, as herbas aromáticas que, en certa medida, influirán no resultado.

E contextualizaremos o obradoiro cunha breve historia do xabón.

### **A elaboración de unguentos e pomadas. O unguento de menta e limón**

Duración: 1 hora

Dirixido a: ESO, bacharelato, FP

Un obradoiro interesante. Erroneamente denominados cremas, os unguentos, tanto na súa elaboración, na que a cantidade de auga é mínima, coma na súa aplicación, debido á absorción, destínanse a usos diferentes.

Espesantes, macerados oleosos, antioxidantes e herbas aromáticas fundamentan este produto.

### **Elaboración de colonias e perfumes a partir de augas florais e hidrolatos de plantas aromáticas**

Duración: 1 hora

Dirixido a: ESO, Bacharelato, FP

No obradoiro, elaboraremos perfumes e colonias a través de varios métodos básicos e sinxelos, cuxa base serán os hidrolatos, augas florais e aceites esenciais conseguidos no destilado de plantas.

Os ingredientes, as proporcións, os aromas, os métodos, a exposición de plantas aromáticas -usos, léxico asociado, diferenzas, terreos onde medran- ou o destilado, forman parte deste completo obradoiro.

### **A elaboración de cremas hidratantes. A crema de caléndula**

Duración: 1 hora

Dirixido a: ESO, bacharelato, FP

Neste obradoiro ollaremos o proceso de elaboración dunha crema hidratante O/W (aceite en auga) de caléndula a través dunha emulsión con cera de abellas. Será recorrente falarmos das distintas fases, os diversos emulxentes e os conservantes. E a cera de abellas permitirá falarmos dos graves problemas que está a pasar este animal tan necesario nas nosas vidas.